

APROXIMACIÓN A SANTA MARÍA, DE JUAN CARLOS ONETTI

1. A importancia do medio na narrativa de ficción.

Todo escritor de narrativa de ficción ten a necesidade de situar as súas historias nun entorno no cal se desenvolvan os seus personaxes. Xeralmente trátase dun medio xeográfico real ou ficticio, nun tempo histórico determinado, aínda que a acción dunha novela poida suceder nun barco en alta mar, nun avión en pleno voo ou nunha nave espacial. Nunha obra de ficción, xa se sabe, nada é imposible.

En maior ou menor grao, o medio xeográfico con frecuencia ten unha importancia significativa nas obras de ficción e é lóxico que os creadores presten a este aspecto a atención que merece. Porque non é indiferente que un autor sitúe, por exemplo, a trama novelística na alta montaña, nunha cidade ou nunha illa deserta. A opción escollida ás veces é tan importante como establecer as características dos personaxes.

2. As cidades.

As cidades constitúen un elemento clave na novelística contemporánea. Creo que vivimos en plena narrativa urbana; a modernidade está instalada nas grandes cidades e é lóxico que os novelistas reflectan este feito. Naturalmente, cómpre ter moito coidado coas afirmacións taxativas porque a realidade narrativa é tan rica e complexa como para desmentilas tan pronto como se formulen. Neste aspecto, tamén, tódalas opcións quedan abertas.

París, Berlín, Londres, Nova York, Dublín e moitas outras capitais do mundo algunhas coñecémolas coma cidades literarias antes de descubrilas fisicamente. Por exemplo, Nova York e Dublín, onde nunca estiven, son para min cidades familiares grazas á literatura.

Se houbésemos de facer unha clasificación das cidades literarias, poderíamos comezar por aquelas que aparecen na narrativa co seu nome auténtico: Girona, de Pla; Barcelona, de Sagarra, Rodoreda, Marsé, Monzó, Baulenas, Pàmies e tantos outros; Valencia de Torrent e J.F. Mira; Ciutat de Mallorca, de Villalonga e Procel; Nova York, de Paul Auster e Richard Ford; Londres, de Martin Amis e Julian Barnes; Berlín, d'Alfred Döblin e Günter Grass; París, de Proust e Cecile; Praga, de Kundera; Lisboa de Pessoa e Tabucchi; Dublín, de Joyce, Trieste, de Magris, e así poderíamos ir citando unha lista inacabable de cidades reais que entraron pola porta grande da literatura.

Ó lado están as cidades reais incorporadas á narrativa con nome ficticio: Sinera (Arenys), de Salvador Espriu; Comarquinal (Vic), de Miquel Llor; Vetusta (Oviedo), de Clarin; Betúlia (Badalona), de Maria Aurèlia Capmany, para chegar, finalmente, ás cidades imaxinarias.

Si ben é verdade que nada sae da nada, hai un grupo de cidades soñadas, ás que poderíamos chamar cidades de papel, que foron creadas da nada pola imaxinación dos autores, aínda que, como na maioría de personaxes de ficción, poidan ser tributarias de recortes e fragmentos de cidades preexistentes. A lista, neste caso, tamén podería ser moi longa. Para non caer nunha prolixidade tediosa, mencionaremos unhas cantas que todos vós seguro coñecedes: Obaba, de Bernardo Atxaga; Región, de Juan Benet; Combray, de Proust;

Fontclara, de Pla; Jefferson, capital do condado de Yoknapatawpha, de Faulkner; Macondo, de García Márquez, e Santa María, de Juan Carlos Onetti.

3. Aproximación a Santa María.

3.1. Juan Carlos Onetti e a súa obra.

Juan Carlos Onetti naceu en Montevideo, Uruguai, o 1909 e morreu en Madrid o 1994. Fillo dunha familia de clase media –o seu pai era funcionario de aduanas— non acabou os estudos secundarios. Despois de desempeñar diversos oficios desembocou no mundo do periodismo. O ano 1930 trasládase a Buenos Aires onde estará ata o 1934 como vendedor de máquinas de escribir e cronista de cine en *Crítica*. Ó final desta etapa publica a súa primeira narración curta *Avenida de Mayo-Diagonal-Avenida de Mayo*.

O 1930 Onetti casa coa súa prima María Amalia Onetti de cal se divorcia axiña para volver casar o 1934 con outra prima, María Julia Onetti. O 1939 é cofundador do semanario urugaiano *Marcha*, de tendencia de esquerdas, onde escribe co pseudónimo “Periquito el Aguador”. Na mencionada revista publica, ós trinta anos, o que podería se-lo reflexo da súa obra literaria. “Cando un escritor é algo máis ca un afeccionado, cando lle pide á literatura algo máis cós eloxios dos honrados cidadáns que son os seus amigos (...) poderá verse obrigado pola vida a facer calquera clase de cousa, pero continuará escribindo (...) Escribirá porque si, porque non tería máis remedio que facelo, porque é o seu vicio, a súa paixón e a súa desgracia”.

Entre 1941 e 1995 reside en Buenos Aires, cidade que ten que abandonar por culpa do golpe de estado dos militares contra o réxime de Peron. Entre 1960 e 1975 vive a cabalo entre Arxentina e Uruguai. O 1974 é apreixado pola dictadura urugaiana e o 1975 trasládase a vivir a Madrid. Cando chega a España xa ten publicada a maior parte da súa obra (o 1970 Aguilar, de Madrid, editaba as súas obras completas). É un escritor de culto e persíguelle a fama de mullereiro, home de moitas mulleres, e impenitente debedor. Os últimos anos en Madrid pásaos practicamente na cama, escribindo por intres e lendo centenas de novelas policíacas. Precisamente, coñecino na cama unha tarde de 1977 cando, como editor de Edhasa, fun visitalo ó seu piso da Avenida de América de Madrid, en ocasión da edición española de *La vida breve*. (...).

Juan Carlos Onetti publicou entre 1939 e 1993 trece novelas e unha vintena de narracións curtas. Entre as primeiras cómpre destacar *Tierra de nadie* (1941), *La vida breve* (1950), *Los adioses* (1954), *El astillero* (1961), *Juntacadáveres* (1964) e *Tiempo de abrazar* (1974). Dos seus contos salientan *El infierno tan temido*, *La cara de la desgracia*, *Jacob y el otro* e *La novia robada*. O 1962 recibiu o *Premio Nacional de Literatura de Uruguay* e o 1980 foi merecedor do *Premio Cervantes*

3.2. Santa María

A cidade aparece por primeira vez no capítulo segundo de *La vida breve*, como unha idea literaria de Brausen, o narrador e protagonista da novela: “Hai un vello, un médico, que vende morfina (...) O médico vive en Santa María, ó lado do río. Só estiven alí unha vez, ás penas un día, no verán; pero lembro o aire, as árbores diante do hotel, a pracidade coa que chegaba a balsa polo río. Sei que hai tocando a cidade unha colonia suíza”. Máis adiante, ó longo da novela, Onetti-Brausen irá perfilando as características de Santa María. Diranos que

é “unha pequena cidade, de provincias” e que a colonia suíza é de “agricultores” e salientará o seu “carácter fluvial”. O narrador describe os habitantes das colonias de suíza como “gordos, enérxicos e austeros” enfrontados ós “indolentes crioulos de Santa María”. E aparecen “a praza, o paseo da banda do río, o cinematógrafo, as illas dedicadas a casas de negocios, que nomeaban centro”. Fálanos tamén de Enduro, un lugarciño cerca da cidade. Saberemos que en Santa María se publica o diario *El Liberal* e que se pode chegar en tren, en barco e por estrada. E non falta a praza central “entre as árbores, as reixas arredor do pedestal da estatura (...) o hotel, a igrexa, o club, a cooperativa, a farmacia, a pastelería”.

Nove anos despois, en *Para una tumba sin nombre*, Onetti recupera Santa María e amplía as referencias. Agora aparece o *Club Progreso* onde se xogan partidas de póquer; o *Hotel Plaza* e o *Hotel Constitución*; as funerarias de Grimm e Miramonte; a praza principal transformouse na *Plaza Brausen* ou do *Fundador*; xorden o *Bar Universal* e o *Cafe Berna* e a *Villa Petrus*, entre Santa María e a Colonia; atopamos o mercado vello, diante do cal uns gandulos dormen a sesta ou matan pulgas.

En *El astillero*, dous anos despois, volvemos atoparnos con Santa María con algunhas novidades: a parada dos autobuses, *Puerto Astillero*, que está a pouco máis de media hora da cidade; o café *La nueva Italia*; a praza nova; o edificio da aduana e a comandancia de policía.

Nos contos Historia del *Caballero de la Rosa y de la virgen encinta que vino de Liliput*, *El álbum*, *El infierno tan temido*, *Jacob y el otro* e *La novia robada*, a cidade creada por Brausen volve aparecer. Saberemos que no *Club Progreso* a xente baila e que o *Hotel Plaza* xa non é tan moderno e luxoso como adoitaba; atoparémonos con outro local, o *Club Comercial*, a vila *Las Casuarianas* das aforas, unha casa grande, a capela da cal foi convertida en habitacións para hóspedes; as pequenas tabernas da rúa Caseros; a ferraxería da rúa, a camisería *La Moderna* e a xastrería de Gath e Chaves. Teremos novas de *El Sotano*, *Cooperativa teatral*, que se converteu no *Teatro Municipal de Santa María*; da pensión da rúa Piedras; do cine Apolo; do monumento a Brausen e o Hospital, e da existencia anterior dun “tímido, case inocente prostíbulo”.

O ano 1979 en *Dejemos hablar el viento* volvemos atoparnos con Santa María, agora evocada por Medina, un policía corrupto: “Santa María e as fogueiras que fan saltar faíscas da resina e retorcen as follas mortas nas tardes de abril. O esterco e aquel cheiro parado de improvisado, ás penas ameazando, da ouriña na esterqueira. O vaivén dos billetes de banco dos negocios furtivos, impondo a sucidade do sobado (...) Un pouco máis lonxe coma quen vai cara a Colonia, madreSelva, o pasto da alba, azares, a terra sempre propicia, unha costelada asándose entre árbores invisibles. Os grandes almacéns de froita ó longo do río, o ferro oxidado dos estaleiros, os endurecidos pantalóns dos pescadores inmóbiles do espigón (...) ou simplemente a noite de Santa María coa súa lúa ou o seu orballo e o bafo mesturado, incomprendible, de tantos miles de soños simultáneos”.

E engade. “Ademais do médico, Díaz Grey, e da muller, tiña xa a cidade onde vivían ámbolos dous (...) Estiven sorrindo, admirado e agradecido porque fose tan fácil distinguir unha nova Santa María na noite de primavera. A cidade co seu declive e o seu río, o hotel flamante e, nas rúas, os homes de cara colorada que cambian, sen espontaneidade, bromas e sorrisos.

Medina, o comisario de policía, o amo da noite, tamén nos fala de *La Platense* onde se podían comprar tecidos e pinturas; da avenida do General Latorre; do café *Confederación*,

que anteriormente fora unha tenda de víveres; da droguería do Turco; de *El Casanova*, onde ela canta tódalas noites; do cheiro a adega e comuna do negocio de Chamún.

Corenta e tres anos despois da creación de Santa María, Onetti, dende España, volve á cidade de Brausen na súa última novela, *Cuando ya no importa*. O tempo non pasaba de balde. “A Colonia Suíza xa non era de ningún xeito unha colonia senón unha cidade puxante, de cara ó futuro, en constante expansión. A mesma cidade dividiuse en Santamaría Vieja, Santamaría Este e Santamaría Nueva. Ó mesmo tempo que se modifica a grafía inicial engádenselle novos elementos: O cabaret *Chamamé*, a nova ponte que atravesa o río, o *Hotel Berna* e o *Gran Hotel Victoria*, o aeroporto clandestino dos contrabandistas, o bar *Brausen* e *Villa Petrus*, pequeno pazo que mandou construír un novo rico, asentado sobre catorce piares ou columnas que se cadra algunha vez foron brancas”. Tamén, ó cabo de catro décadas, volvemos atopar o médico Díaz Grey, tal vez rehabilitado, “vivindo nunha estraña casa coa súa familia e os serventes”. Coa persistencia, sen embargo, da “repugnante calor que invade a cidade, a comarca, a provincia, país ou reino denominado Santamaría”.

4. Conclusións

Juan Carlos Onetti, dende 1950 e ata uns anos antes da súa morte, non abandonou nunca a cidade soñada por un dos seus personaxes. Santa María entrou a formar parte do seu mundo imaxinario, se cadra como un reflexo das cidades que quixo, Montevideo e Bos Aires, e que os imperativos do destino lle fixeron abandonar. Santa María ou Santamaría é tan real como Brausen, Díaz Grey, Godoy, Jorge Malabia, Larsen ou Juntacadáveres, Jeremias Petrus, Guiñazu, Lanza, Risso, Orsini, Jacob van Oppen, o comisario Medina, Carr e outros que xunto con algunhas mulleres como Mami, a Queca ou Elena Sala poboan o seu mundo particular de ficción. Un mundo, en definitiva, habitado por perdedores, homes e mulleres que se enfrontan ó seu destino e ós que persegue a desgracia. É precisamente esta loita contra os feitos adversos a que dá grandeza épica á obra do escritor uruguaiano e o que determina a súa ética e a súa estética. E Santa María xoga o seu papel como un decorado vivo que palpita sincronizado cos corazóns dos seus habitantes, feito da materia dos seus soños.

Barcelona, setembro de 2004.

Joan Agut